

# PLAN DIXITAL

## CPR LUDY

[Versión 1.0\_ xuño 2022]

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

*O Colexio Ludy é un colexio dunha soa liña educativa nas etapas de Infantil e Primaria. Está ubicado no barrio do Ensanche preto do centro de Ferrol. Actualmente consta de 14 mestras e mestres e uns 180 alumnos e alumnas.*

*Datos de interese:*

*Dirección: Rúa Río Lambre, 6-8, 15403, Ferrol (A Coruña)*

*Enderezo web: <http://www.colexioludy.gal>*

*Enderezo electrónico: [cpr.ludy@edu.xunta.gal](mailto:cpr.ludy@edu.xunta.gal)*

### 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- *Características socioeconómicas e culturais do contexto do centro.*

*As familias que forman o colexio Ludy son dun nivel adquisitivo medio-baixo na súa maioría. É de destacar o desmantelamento industrial da cidade nos últimos anos así como o asentamento no barrio de moitas familias inmigrantes de diferente procedencia (Venezuela, Brasil, Colombia, Marrocos, China, ...)*

- *Incardinación e contribución do PD ao Proxecto Educativo.*

*O noso Plan Dixital contribúe de maneira exponencial a adquirir os obxectivos marcados no noso Proxecto Educativo, pois cara estas novas metodoloxías é cara onde lexislación e vontade nos sinalan. Por outra banda o Plan de Atención á Diversidade, o Proxecto Lingüístico e Plan TIC sobre todo vense favorecidos e sinalados por este PD que axuda a minguar diferencias e ofrece un amplo abano de posibilidades dinamizadoras en todos os eidos.*

- *Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23.*

*A contribución á PXA é total no senso do encadre da tipoloxía de actividades e metodoloxías, tanto complementarias como as contidas en todas as programacións de aula, nas diferentes materias. A repercusión que nos marcamos neste primeiro curso de implantación tocaría a todas as áreas educativas e todos os niveis.*

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

*Ao amparo do disposto na lexislación vixente neste senso cabe destacar:*

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*

- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*

## 1.4. Proceso de elaboración

*Desde o principio, no noso centro traballouse desde un Seminario no que practicamente estaba todo o Claustro. Aos períodos de formación e na elaboración dos distintos apartados participou todo o Claustro. Consideramos que é imprescindible que todos os mestres se involucren para que o éxito sexa palpable e se plasmara a realidade máis exacta nos debates suscitados. É por iso que o Equipo de Dinamización do Plan Dixital, desde o principio non só estivo formado polo Coordinador TIC e o Equipo Directivo senón por todo o Claustro.*

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- *O centro recibe 600 mb/s, para baixada de datos, por cable que se distribúen desde o enrutador a cada aula por cable ethernet. Ademais dispoñemos dun WIFI Mesh que envía WIFI a 3 aulas.*
- *Até este momento todas as aulas dispoñen de encerado dixital, proxector e portátil para o mestre mais non para o alumnado. Para este curso 2022/23 comezaremos co proxecto E-Dixgal en 5º de Primaria, obtendo deste xeito equipos informáticos para cada alumno desa aula.  
A aula de informática consta de 14 equipos en funcionamento cun hardware case obsoleto.  
Dispoñemos de 2 equipos na biblioteca para consulta do alumnado e dun na sala de mestres para os mestres.  
Para a radio e televisión escolar precisamos un equipo portátil que intentaremos colocar este curso.*
- *Servizos dixitais educativos: A modo de páxina fixa informativa temos o noso enderezo web “colexioludy.gal” e desde o curso pasado temos unha concesión de Google por Education para traballar coa súa aula virtual e dispoñemos de correos electrónicos corporativos para cada alumno e mestre. A maiores empregamos os aplicativos da Administración “Abalar Mobil”, XADE, etc...*

- Xestión do mantemento do equipamento do centro. A xestión realízase, na medida do posible, polo coordinador TIC.
  - Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TIC.
- Os enderezos á aplicación da aula virtual son visibles nunha pestana específica na nosa web “Aula Virtual”, así como na pestana “COVID” temos todo o referente a protocolos e plans de continxencia.

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación do noso informe Selfie.

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	3,7				
	Profesorado	3,9				
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3,8				
	Profesorado	3,3				
	Alumnado	4,2				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3,8				
	Profesorado	4				
	Alumnado	3,2				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4				
	Profesorado	4				
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4				
	Profesorado	4				
	Alumnado					
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	4				
	Profesorado	4				
	Alumnado					
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2,6				
	Profesorado	2,6				
	Alumnado					
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3,1				
	Profesorado	3,7				
	Alumnado	3,8				

### Test CDD

#### 1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	9	10	83,3
PROVISIONAL	4	4	
INTERINO			
SUBSTITUTO	1	2	
DESPRAZADO			

#### 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test	Nivel de competencia	Puntuación media do test en	Nivel de competencia en
--------------------------	----------------------	-----------------------------	-------------------------

(sobre 192)		Galicia (sobre 192)	Galicia
<u>71,3</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>	<u>76,4</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>

### 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf.	<u>54,2</u>	<u>Explorador/a (A2)</u>	<u>68,2</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>
Pri.	<u>72,4</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>	<u>77</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>

### 2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	<u>1</u>	<u>8,3</u>
A2	<u>6</u>	<u>50</u>
B1	<u>2</u>	<u>16,7</u>
B2	<u>2</u>	<u>16,7</u>
C1	<u>1</u>	<u>8,3</u>
TOTAL	<u>12</u>	<u>100,00%</u>

## 2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	C1. O Claustro considera que dispoñemos dunhas infraestruturas suficientes e axeitadas.	C5. Todo o Claustro coincide na debilidade que supón non ter unha asistencia técnica personalizada e que as reparacións corran por conta dalgún mestres.
	PERSOAL DOCENTE	E1, E3: É moi habitual empregar recursos en liña. E4. Empregamos todo tipo de plataformas: blogues, web, redes e aula virtual. F4, F5: O alumnado implícase e amosa predisposición.	A3. Nestes momentos somos conscientes de que non contemplamos novas modalidades de ensinanza dixital. B1. Non hai. B2. Non existen debates. As propias reunións do seminario dixital evidencian que nunca sentamos a falar destas cousas. B3. Non observamos colaboracións TIC. D1, D2, D3: Concordamos na necesidade de formación dixital do claustro. E2. Non creamos recursos. F1, F6: Non se contempla. G1-G6: Realízase unha avaliación tradicional.
	PERSOAL NON DOCENTE		

	<b>ALUMNADO</b>	<b>C8: Dispositivos dixitais en cada aula e na sala de informática.</b>	<b>H. Non son competentes dixitalmente.</b>
	<b>FAMILIAS</b>		
	<b>OFERTA</b>		<b>A3. Non contemplamos modalidades de ensinanza dixital neste momento.</b>
	<b>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b>	<b>A1. Temos en marcha o Proxecto Edixgal para o vindeiro curso.</b>	<b>C5. Todo o Claustro coincide na debilidade que supón non ter unha asistencia técnica personalizada e que as reparacións corran por conta dalgún mestres. A3. Non contemplamos modalidades de ensinanza dixital neste momento. B1. Non hai. C5. Todo o Claustro coincide na debilidade que supón non ter unha asistencia técnica personalizada e que as reparacións corran por conta dalgún mestres.</b>

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	<b>ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA</b>	C2. O Claustro considera unha enorme oportunidade o feito de solicitar a incorporación ao proxecto EDIXGAL para o vindeiro curso. C1. O Claustro considera que dispoñemos dunhas infraestruturas suficientes e axeitadas.	
	<b>LEXISLACIÓN</b>	C7. Temos contratada a xestión de protección de datos do centro cunha empresa. Cremos nesta oportunidade mais pensamos que deberíamos ser coñecedores das súas posibilidades.	
	<b>CONTORNA</b>		
	<b>ANPA</b>		
	<b>OUTRAS ENTIDADES</b>	C1. O Claustro considera que dispoñemos dunhas infraestruturas suficientes e axeitadas.	B3. Non temos colaboracións con outras entidades neste sentido.

### 3. Plan de Acción

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Os obxectivos propostos para este curso 2022/2023 están concretados cos seus indicadores e accións nas táboas da páxina seguinte. Creamos unha táboa por cada un dos obxectivos.

#### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

*15 equipos informáticos (cpus só/hardware) para que cada alumno poda acceder libremente tanto na aula de informática como nas clases onde se van realizar as actividades programadas. O software sería todo libre, tirando dos repositorios de Abalar e a súa maqueta autoinstalable.*

*Proxectores novos en 4 aulas nas que empezan a fallar por horas de uso excedidas. É imprescindible o uso do encerado dixital en cada aula para seguir as metodoloxías programadas en cada área e curso.*

*5 equipos microportátiles para actividades puntuais do profesorado e alumnado no desenvolvemento de actividades programadas e presentes na PXA.*



### Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

Área/s de mellora: E. PEDAGOXÍA: APOIOS E RECURSOS.						
<b>OBXECTIVO 1:</b>	Crear un banco de recursos educativos propios para consulta e utilización de todo o Claustro.				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Claustro.				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Número de recursos creados polo claustro.					
<b>Valor de partida:</b>	0 recursos creados					
<b>Valor previsto e data:</b>	10 recursos dixitais.			Xuño 2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO
AO1.1: Indicacións e propostas ao claustro da realización de cursos de formación para a elaboración de recursos dixitais.	A Dirección	Xuño de 2023	Cursos de FPROFE e outros que permitan a formación. Acta final da avaliación do Plan dixital.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Promoción da microformación por parte do centro en cuestión concretas de realización dos recursos.	O Coordinador TIC.	Outubro de 2022	Equipo portátil con proxector para explicacións rápidas e sinxelas.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

**Área/s de mellora: A. LIDERADO & E. PEDAGOXÍA: APOIOS E RECURSOS.**

<b>OBXECTIVO 2:</b>	Crear recursos para aula EVA enmarcados na implantación do EDIXGAL en 5º curso de primaria.	<b>Acadado</b>
<b>Responsable:</b>	Mestres que imparten clase no 5º curso de Primaria.	<b>Non acadado</b>
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Número de recursos creados polo equipo docente dese curso.	
<b>Valor de partida:</b>	0 recursos creados	
<b>Valor previsto e data:</b>	1 recurso por trimestre, cada mestre. 15 recursos.	Xuño 2023

**ACCIÓNS A DESENVOLVER**

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.1: Indicacións e propostas ao claustro da realización de cursos de formación para a elaboración de recursos dixitais.	A Dirección	Xuño de 2023	Cursos de FPROFE e outros que permitan a formación. Acta final da avaliación do Plan dixital.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
AO2.2: Promoción da microformación por parte do centro en cuestión concretas de realización dos recursos.	O Coordinador TIC.	Outubro de 2022	Equipo portátil con proxector para explicacións rápidas e sinxelas.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

Área/s de mellora: A. LIDERADO.						
<b>OBXECTIVO 3:</b>	Crear un repositorio coas ferramentas dixitais básicas utilizadas no centro (corporativas).				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Coordinador TIC.				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Uso habitual por todo o claustro das 4 ferramentas corporativas básicas (XADE, ABALAR, AV e correo)					
<b>Valor de partida:</b>	Coñecemento básico do XADE (avaliación e faltas de asistencia) e do correo corporativo.					
<b>Valor previsto e data:</b>	Coñecemento en profundidade das 4 ferramentas e todo o que ofrecen.			Decembro de 2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO3.1: Establecemento de que ferramentas se consideran básicas e as súas principais utilidades.	O Coordinador TIC	2ª quincena do mes de setembro.	Repositorio con titoriais sobre as 4 ferramentas.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Incapé no automatismo e utilización da ferramenta abalar de cara a xustificar as faltas de xeito máis sinxelo.	O Coordinador TIC.	2ª quincena do mes de setembro.	Equipo portátil con proxector para explicacións rápidas e sinxelas.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: G. PRÁCTICAS E AVALIACIÓN.						
<b>OBXECTIVO 4:</b>	Empregar a AV corporativa para avaliar certas tarefas encomendadas durante o curso.				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Xefatura de Estudos.				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Nivel de emprego da AV corporativa.					
<b>Valor de partida:</b>	0: A avaliación a través da AV é inexistente.					
<b>Valor previsto e data:</b>	4: Na totalidade das materiais empregouse unha ou máis veces a AV para avaliar			Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO4.1: Formación na avaliación en Classroom.	Coordinador TIC	Outubro de 2022	Equipo portátil con proxeutor para explicacións rápidas e sinxelas.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: Mantemento actualizado de todo o alumnado e profesorado con acceso á AV e constancia do seu uso.	Coordinador TIC e titorías.	Xuño de 2023	Plataforma virtual Classroom.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: H. COMPETENCIAS DIXITAIS DO ALUMNADO.							
<b>OBXECTIVO 5:</b>	Establecer criterios común de validación, filtrado de contidos web e normas de uso coa finalidade de que o alumnado realice unha navegación segura, fiable e precisa na rede.					Acadado	
<b>Responsable:</b>	Xefatura de Estudos.					Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Criterios de validación.						
<b>Valor de partida:</b>	0 criterios e validación.						
<b>Valor previsto e data:</b>	7 criterios de validación.				Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
AO5.1: Establecemento dun decálogo de criterios de validación, filtrado de contidos web e normas de uso.	Seminario "PLAN DIXITAL"	Decembro 2022	Internet e AV			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO5.2: Realización dos criterios e normas do uso da internet, visible para todo o centro.	Seminario "PLAN DIXITAL"	Marzo 2023	Internet, AV e procesador de textos.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO5.3: Avaliación mediante listaxes de cotexo da calidade e fiabilidade das fontes de información empregadas para a realización deses criterios.	Seminario "PLAN DIXITAL"	Xuño 2023	Internet, AV e listaxe de cotexo.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

Área/s de mellora: C. INFRAESTRUTURAS E EQUIPOS.						
<b>OBXECTIVO 6:</b>	Empregar a maqueta ABALAR estándar en todos os equipos do centro.				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Coordinador TIC.				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Número de equipos coa maqueta instalada.					
<b>Valor de partida:</b>	2: Nestes momentos hai só dous equipos con ese sistema operativo.					
<b>Valor previsto e data:</b>	21: A totalidade das aulas e equipos da aula de informática e biblioteca.			Outubro de 2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO6.1: Instalación en cada un dos equipos da maqueta ABALAR.	Coordinador TIC	Outubro de 2022	Pend Drives e equipos informáticos para restaurar.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

## 4. Avaliación do plan

- No contexto da **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluirán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

*Deste xeito teremos un Claustro trimestral no que un dos puntos da Orde do día contemplara este seguimento continuado.*

- No contexto da **avaliación final** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluirán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

*A través dunha reunión no 3º trimestre o Equipo de Dinamización do Plan Dixital estipulará os puntos fundamentais da revisión, estableceranse os obxectivos acadados e reformularanse os novos por conseguir para o próximo curso.*

## 5. Difusión do plan

*A estratexia opara a publicidade e difusión do plan dixital entre toda a comunidade educativa estará en relación co Plan de Comunicación do Centro, a través da nosa web será pública a versión anual deste plan así como as concrecións, correccións ou accións que fagamos do mesmo en cada momento do curso.*

*Do mesmo xeito, será documento integrado no conxunto de PLANS e PROXECTOS do CENTRO que estará á disposición de todo o Claustro na nosa nube corporativa.*

*En cada unha das actividades publicitadas e relacionadas directamente cos obxectivos e plan de acción faremos mención ao susodito PD naquelas plataformas empregadas en cada momento (AV, blogues (biblioteca, radio/tv), redes sociais ou web).*